A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada



definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaranse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmovible para o exercicio 2025, segundo o Catastro, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF/CIF	DERECHO
				PROP. (100,00%)

VII. Anulación, liquidación e alta en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación do recibo correspondente ao exercicio 2025 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos do recibo a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000756441	20253515022RL01R005181		..	PROMOCIONES	B70083365	2025	65,00 €



Concello de Cedeira

Tel.: 981 480 000- Fax: 981 482 506 | correo@cedeira.gal

Rúa Real, 15 | 15350 Cedeira – A Coruña

				Y PROYECTOS ROBALEIRA SL			
--	--	--	--	-----------------------------	--	--	--

Igualmente procede a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por último procede a alta no Padrón fiscal da titular catastral actual.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular o seguintes recibo, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000756441	20253515022RL01R005181			PROMOCIONES Y PROYECTOS ROBALEIRA SL	B70083365	2025	65,00 €

SEGUNDO. Aprobar a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

TERCEIRO. Comunicar este acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

11. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN. EXP: 2025/X999/000247

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 19.11.2025, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIQUIDACIÓN. EXP: 2025/X999/000247.

ANTECEDENTES

Datos ben inmoible:

Enderezo:



Ref catastral:

Nº fixo recibo: 253000643973

Exercicio: 2025

Primeiro. Preséntase solicitude por _____ con DNI _____ en data 18.11.2025 e nº de rexistro de entrada 202500000003928, para cambio de titularidade do recibo da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos e anulación do recibo do exercicio de 2025.

Segundo. Compróbase polo Servizo de Recadación do Concello que procede a anulación do recibo do exercicio de 2025, por non ser correcto o suxeito pasivo.

Terceiro. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmobles e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se



prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrato nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmovible para o exercicio 2025, segundo o Catastro, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF/CIF	DERECHO
				PROP. (100,00%)

VII. Anulación, liquidación e alta en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación do recibo correspondente ao exercicio 2025 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos do recibo a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000643973	20253515022RL01R003121					2025	49,35 €

Igualmente procede a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por último procede a alta no Padrón fiscal da titular catastral actual.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular o seguintes recibo, por non ser correcto o suxeito pasivo:



Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000643973	20253515022RL01R003121					2025	49,35 €

SEGUNDO. Aprobar a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de reivindicación da taxa.

TERCEIRO. Comunicar este acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

12. DEVOLUCIÓN DO AVAL CORRESPONDENTE AO CONTRATO DE OBRA DENOMINADO "SUBSTITUCIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL EN CAMPO E FÚTBOL O BECO"

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 19.11.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: DEVOLUCIÓN DO AVAL CORRESPONDENTE AO CONTRATO DE OBRA DENOMINADO "SUBSTITUCIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL EN CAMPO E FÚTBOL O BECO"

Expte. 2023/C003/000010

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 16.10.2023 foi adxudicado o contrato de obras denominado "Substitución de céspede artificial en campo de fútbol O Beco" á empresa MONDO IBÉRICA S.A.U. polo importe de 237.420,15 € (IVE incluído).

Con data 11.10.2023 a empresa MONDO IBÉRICA, S.A.U. presentou a través da Sede electrónica do Concello de Cedeira o aval electrónico (Aval núm. 0561668 do Banco Bankinter S.A. de data 09.10.2023 por importe de 9.810,75 €).

Con data 28.06.2024 formalizouse a Acta de recepción.

Con data 07.11.2025 (rex. Entrada 2025/999/2351) a empresa MONDO IBÉRICA S.A.U. solicita a devolución da garantía definitiva depositada mediante o Aval núm. 0561668 do Banco Bankinter S.A. de data 09.10.2023 por importe de 9.810,75 €.

Consta no expediente o informe emitido pola Dirección de obra con data 13.11.2025, favorable á devolución da citada garantía.



Unha vez vistos os antecedentes que se citan, **propoño** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar a devolución da garantía definitiva depositada mediante o Aval núm. 0561668 do Banco Bankinter S.A. de data 09.10.2023 por importe de 9.810,75 €.

2º.- Notificar o presente acordo á empresa adxudicataria.

3º.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

13. RESOLUCIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE CREACIÓN DE ESPAZOS VERDES NA RÚA SILVA 26

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 13.11.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: RESOLUCIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE CREACIÓN DE ESPAZOS VERDES NA RÚA SILVA 26

Expte.: 2024/C003/000003

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 25.10.2024, acordou adxudicar as obras de “Creación de espazos verdes na Rúa Silva, 26” á empresa BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L., con CIF B15840861, e con data 13.11.2024 o adxudicatario asinou a certificación da adxudicación en proba de conformidade.

Na acta de comprobación de replanteo, asinada o día 04.12.2024, consta que:

“Tras a comprobación da posesión e da disponibilidade real dos terreos precisos para a realización das obras de referencia, así como a viabilidade do proxecto e a súa idoneidade, incídese en que existen circunstancias axenas ó contratista que obrigan a retrasar o inicio das obras ata comezos do ano 2025.

A data exacta do comezo da obra será comunicada polo promotor das obras, o Concello de Cedeira, con unha antelación mínima de 15 días naturais.”

Con data 18.09.2025 foi enviado ao correo electrónico habilitado polo adxudicatario unha solicitude de contacto co seguinte texto, sen que ata a data actual conste resposta:

“En relación á obra que teñen Vdes. adxudicada neste concello, o Alcalde intentou en varias ocasións poñerse en contacto telefónico, sin resultado. Pregamos polo tanto se poñan en contacto no seguinte teléfono: Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil: 673223387”

Resultando que no BORME núm. 140 de 24 de xullo de 2025 consta na SECCIÓN PRIMEIRA-Empresarios-Actos inscritos-A CORUÑA-336240-BCNOR GESTION Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.(R.M. A CORUÑA) anuncio de:



“Situación concursal. Procedimiento concursal 46/2025. FIRME: Si, Fecha de resolución 16/06/2025. Auto de declaración de concurso. Voluntario. Juzgado: num. 0 JUZGADO DE LO MERCANTIL NUMERO 3 DE A CORUÑA. Juez: FERNANDO SANTISO VAZQUEZ. Resoluciones: Firmeza del Auto de declaración de concurso y CONVERSION en inscripción de la anotación preventiva de la declaración de concurso voluntario. (...)”

Resultando que de acordo co previsto no artigo 211 b) da LCSP é causa de resolución do contrato a declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.

Consta no expediente o informe de Secretaría de data 21.10.2025.

Consta así mesmo no expediente o informe da Intervención municipal de data 22.10.2025.

Con data 27.10.2025 foi notificada á empresa BCNOR Gestión y Soluciones Avanzadas, S.L. e ao administrador concursal D. Jaime Fernández-Obanza Carro a Providencia de Alcaldía coa proposta de resolución do contrato.

O adxudicatario non accedeu á notificación electrónica remitida, constando caducada a mesma.

O administrador concursal aceptou a notificación con data 27.10.2025 e non constan presentadas alegacións durante o prazo de audiencia concedido.

Unha vez vistos os antecedentes citados, **propoño** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar a resolución da adxudicación formalizada con data 13.11.2024 coa empresa BCNOR GESTION Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L., con CIF B15840861, para a execución das obras de “Creación de espazos verdes na Rúa Silva 26” polo motivo de declaración de concurso do contratista.

2.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario, á dirección de obra e ao administrador concursal.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

14. CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA ACTUALIZAR A ADAPTACIÓN AO GIS DO CASCO HISTÓRICO DE CEDEIRA

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 19.11.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA ACTUALIZAR A ADAPTACIÓN AO GIS DO CASCO HISTÓRICO DE CEDEIRA

Expte.: 2025/C002/000043

O Concello necesita contratar asistencia técnica para a actualización de adaptación ao GIS, con incorporación de información catastral e estudo sociodemográfico do Casco Histórico de Cedeira.



A finalidade deste encargo é dispoñer dunha base cartográfica actualizada e integrada co GIS municipal, complementada cun estudo sociodemográfico que permita a análise e planificación do ámbito.

Para isto, necesítase iniciar a contratación do servizo que inclúa:

- Honorarios profesionais desagregados por tarefas (cartografía, integración GIS, estudo sociodemográfico, etc.)
- Prazo estimado de execución
- Persoal técnico participante

Para este servizo recibíronse os seguintes presupostos:

EMPRESA CIF/NIF	REX. ENTRADA E DATA	CONCEPTO	IMPORTE SEN IVE (€)	IVE (21 %)	TOTAL (IVE INCL) (€)
MONTEOLIVA ARQUITECTURA S.L.P. B15148729	2025/999/2254 24/10/2025	Actualización de adaptación ao GIS do casco histórico de Cedeira	14650,00	3076,50	17726,50
JESÚS ANDRÉS FERNÁNDEZ CARBALLAL	2025/999/2297 30/10/2025	Actualización de adaptación ao GIS do casco histórico de Cedeira	15000,00	3150,00	18150,00
FRAGA Y MANTIÑÁN ARQUITECTOS S.L.P. B70033147	2025/900/1775 27/10/2025	Actualización de adaptación ao GIS do casco histórico de Cedeira	14900,00	3129,00	18029,00

Con data 14.11.2025 o órgano de contratación emitiu unha proposta de gasto por un importe total de 17.726,50 € (IVE incluído).

Con data 19.11.2025 emítese pola Intervención municipal un informe de retención de crédito polo mesmo importe.

Por todo o exposto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Declarar a conformidade coas propostas presentadas.
- 2.- Aprobar o gasto e adxudicar mediante un contrato menor a MONTEOLIVA ARQUITECTURA S.L.P., con CIF B15148729, o servizo de asistencia técnica para a actualización de adaptación ao GIS, con incorporación de información catastral e estudo sociodemográfico do Casco Histórico de Cedeira, de acordo co orzamento presentado con data 24.10.2025, polo importe de 14.650,00 € e 3.076,50 € en concepto de IVE ao 21% (total IVE incluído: 17.726,50 €).
- 3.- Notificar o presente acordo aos licitadores.
- 4.- Dar traslado deste acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

15. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASAMBLEA LOCAL DE CRUZ VERMELLA CEDEIRA PARA O ANO 2025 (EXPTE 2025/A005/000008)

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 20.11.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASAMBLEA LOCAL DE CRUZ VERMELLA CEDEIRA PARA O ANO 2025 (EXPTE 2025/A005/000008)

A Asamblea Local de Cruz Vermella Cedeira, dedícase, entre outras, a tarefas de salvamento marítimo, cobertura de eventos e entrega de alimentos a persoas necesitadas.

Resultando que o Concello de Cedeira, co espírito de colaboración segundo prevén as Leis de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e a reguladora das Bases de Réxime Local, ten interese en promover as actividades e o funcionamento da Asamblea Local de Cruz Vermella Cedeira.

Tendo en conta os antecedentes antes sinalados, ambas as dúas institucións acordan a sinatura dun convenio de colaboración, co obxectivo de promover o funcionamento e actividades da entidade beneficiaria.

Vistos os informes de Secretaría e Intervención de data 19.11.2025.

Vista a memoria xustificativa, que existen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

Resultando que a competencia para a aprobación do convenio corresponde á Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto na Resolución de Alcaldía núm. 345/2023, de 10 de xullo.

En base ó anterior, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASAMBLEA LOCAL DE CRUZ VERMELLA CEDEIRA que se incorpora como anexo desta proposta.

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde para a sinatura do convenio.

TERCEIRO.- Conceder á Asamblea Local de Cruz Vermella Cedeira, con NIF Q2866001G, unha subvención por un importe máximo de TRES MIL OITOCENTOS EUROS (3.800 euros), con cargo á aplicación orzamentaria 135 48900 do estado de gastos do vixente orzamento para o exercicio 2025, para contribuír a financiar os gastos de funcionamento da Asociación.



En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil.

Anexo

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASEMBLEA LOCAL DE CRUZ VERMELLA CEDEIRA

En Cedeira, a **** de 2025

REUNENSE

Dunha parte, Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde-Presidente do Concello de Cedeira e que actúa en nome e representación deste, asistido da Secretaria da Corporación, Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

E, doutra parte, José Luis López Vigo, provisto de D. N. I. Núm. , na súa condición de Presidente da Asemblea Local de Cruz Vermella Cedeira con C. I. F. Q2866001G e domicilio social en Puerto s/n, Cedeira, A Coruña.

Ambas as dúas parte recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para outorgar o presente documento e, en consecuencia, conveñen en formalizar o presente convenio baseándose nos seguintes:

ANTECEDENTES

- 1.- A Asemblea Local de Cruz Vermella Cedeira, dedícase, entre outras, a tarefas de salvamento marítimo, cobertura de eventos e a formación do Equipo de Resposta Básico en Emerxencias (ERBE) co obxectivo de ofrecerse ao Concello para axudar.
- 2.- Que o Concello de Cedeira, co espírito de colaboración segundo prevén as Leis de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e a reguladora das Bases de Réxime Local, ten interese en promover as actividades e o funcionamento da Asemblea Local de Cruz Vermella Cedeira .
- 3.- Mediante acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en data **** de 2025 aprobouse o convenio de colaboración entre o Concello e a Asemblea Local de Cruz Vermella Cedeira, quedando unicamente a sinatura material do presente convenio. Tendo en conta os antecedentes antes sinalados, ambas as dúas institucións acordan a sinatura dun convenio de colaboración, co obxectivo de promover o funcionamento e actividades da entidade beneficiaria, todo iso conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto. É obxecto do presente convenio de colaboración o financiamento por parte do Concello de Cedeira para gastos de funcionamento da Asemblea Local de Cruz Vermella Cedeira. A competencia municipal está amparada no artigo 25.2.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local relativo a Policía Local, protección civil, prevención e extinción de incendios; e no artigo 25.2.e) relativo á avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

SEGUNDA.- Contía da subvención. O Concello comprométese a financiar o obxecto do Convenio cunha achega de 3.800 €, con cargo á aplicación orzamentaria 135 48900 do Orzamento Municipal para o exercicio 2025, que se destinará ao desenvolvemento das actividades indicadas na cláusula primeira desenvoltas pola Asemblea Local de Cruz Vermella Cedeira.

TERCEIRA.- Obrigas do beneficiario.

A entidade virá obrigada ao seguinte:

- Organizar os eventos e/ou actividades obxecto do convenio e asumir os gastos e ingresos e ingresar as cotas por ingresos das actividades.
- Cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente.
- Xustificar a subvención nos termos establecidos na cláusula sétima do convenio.
- Comunicar ao órgano concedente tan pronto como se coñeza a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.
- Acreditar que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. A comprobación de tal circunstancia farase, por regra xeral polo propio Concello. A entidade autoriza, coa sinatura do presente convenio, a que se faga tal consulta. Todo elo, sen prexuízo de que, no caso de que non se poda realizar, a entidade se comprometa á presentación dos certificados acreditativos correspondentes.
- A proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- Ter actualizados ou estar en proceso de actualización dos datos da Asociación no rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e no Rexistro de Asociacións do Concello de Cedeira.

Para a sinatura do Convenio, a entidade deberá presentar os seguintes documentos:



1. C. I. F. da entidade
2. Certificado da Secretaria da composición da Xunta Directiva e da capacidade da Presidencia para firmar o convenio.
3. Compromiso da entidade de facer constar a colaboración do Concello de Cedeira en toda a información que realice (impresa, informática ou audiovisual) no desenvolvemento das actividades.
4. Orzamento de ingresos e gastos estimados para o exercicio 2025, referidos ás actividades subvencionadas.
5. Declaración responsable asinada pola Secretaría da Xunta Directiva, na cal se determinará que se compren todos os requisitos determinados no artigo 13 da Lei 38/2003 para obter a condición de entidade beneficiaria, que dita entidade non incorre en ningún suposto de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de axudas públicas, concretando expresamente que dita entidade se encontra ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, mediante a presentación dos correspondentes certificados acreditativos ou autorizando a súa comprobación polo Concello; sen prexuízo de que, no caso de que esta non se poida levar a cabo, se requira a presentación dos correspondentes certificados. A situación co Concello comprobarase de oficio.
6. Certificado da Secretaría da entidade no que se reflicten as subvencións, axudas ou outras achegas solicitadas e recibidas por parte doutros organismos, tanto públicos como privados, indicando a cantidade e o concepto polo que foi concedida.
7. Certificación bancaria do número de conta no que se deba facer o ingreso da axuda correspondente.
8. No expediente incluírase de oficio un certificado ou dilixencia do funcionario encargado, acreditativo da inscrición da entidade no Rexistro Municipal de Asociacións.

CUARTA.- Conceptos subvencionables. Considéranse gastos subvencionables os derivados do funcionamento ordinario da Asemblea Local de Cruz Vermella Cedeira, en particular:

- Gastos de electricidade
- Gastos de teléfono e ADSL
- Produtos sanitarios
- Produtos de limpeza
- Material de oficina
- Combustible
- Seguros
- Vestiario
- Material de equipo de socorrismo
- Reparacións e adaptacións de vehículos de titularidade da asociación
- Gastos de ferraxería
- Gastos relativos ao funcionamento ou reparación de embarcacións de titularidade da asociación.

QUINTA.- Abono da subvención. O abono da subvención farase do seguinte xeito:

En aplicación do artigo 34.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións que establece a posibilidade de que se realicen pagos anticipados como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, o Concello aboará, unha vez aprobado e asinado o convenio, o 100% do importe subvencionado, previa acreditación da situación de cumprimento coas obrigas tributarias e coa seguridade social, reténdose o 30% en concepto de garantía.

Non se esixirá a presentación de garantía para a percepción do abono mencionado.

O importe restante aboaráse unha vez xustificado o obxecto do convenio, mediante a presentación dos documentos de gasto e pago xustificadas e o resto da documentación sinalada na cláusula sétima.

SEXTA.- Colaboración entre as partes asinantes. As partes que subscriben o presente convenio colaborarán en todo momento de acordo cos principios da boa fe e eficacia para asegurar a correcta execución do pactado.

SÉTIMA.- Réxime de xustificación.

A entidade beneficiaria virá obrigada á xustificación documental da subvención concedida, ao efecto da cal deberá presentar, antes do día **31 de xaneiro de 2026** a seguinte documentación:

1. Unha memoria da realización do gasto subvencionado, indicando o tipo de actividade realizada das referidas na cláusula primeira, que inclúa a descrición, datas de realización, participación, resultados obtidos e o desglose dos gastos en que se incorreu e os ingresos obtidos para a realización de cada actividade.
2. Certificado dos ingresos da actividade, que comprenderá a propia achega do Concello, cotas, así como os demais ingresos derivados das actividades, asinado pola Secretaría ou Tesourería da entidade co visto bo da Presidencia.
3. Declaración doutras axudas ou subvencións públicas para financiar as mesmas actividades.
4. Facturas orixinais por importe igual ou superior ó da subvención, referente aos gastos subvencionables, así como unha relación das mesmas. As facturas presentadas deberán cumprir os seguintes requisitos:
 - Os conceptos expresados nas facturas deberán corresponderse con gastos ou investimentos subvencionables.
 - A forma e o contido deberán respectar a normativa vixente.



- A entidade beneficiaria deberá figurar como destinataria da factura.

No caso de xustificar o gasto con nóminas, deberán achegarse xustificantes das respectivas transferencias, e dos documentos correspondentes á seguridade social (TC1 e TC2).

As facturas ou documentos equivalentes deberán vir acompañadas dos xustificantes de pago correspondentes (transferencia, cheque nominativo ou calquera outro que deixe constancia da contía pagada, o concepto, o perceptor e o pagador). Unicamente os importes inferiores a 100,00 €, e naqueles casos nos que se acredite a imposibilidade de uso doutro medio de pago, poderán ser abonados en efectivo, debendo constar nese caso o recibí do emisor da factura na mesma.

5. Declaración asinada polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou ós mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.
6. Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social ou autorización para a comprobación polo Concello da circunstancia de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Facenda pública e Atriga) e coa Seguridade Social.
7. Documentación gráfica da actividade onde conste a colaboración do Concello de Cedeira.
8. Certificado de IBAN no que se aboará a subvención.

O incumprimento da obriga sinalada no parágrafo precedente xa sexa total ou parcial, comportará para a entidade beneficiaria, a obriga do reintegro da subvención concedida pola parte non xustificada, ademais dos intereses legais que fosen procedentes.

OITAVA.- Potestades da Administración. O Concello pode exercer, en calquera momento, o control financeiro da subvención concedida co obxecto de verificar o correcto destino dos fondos públicos, realizando calquera comprobación que resulte necesaria de conformidade coa lexislación vixente, así como, solicitando á entidade beneficiaria os xustificantes orixinais dos gastos declarados e que foron financiados coa subvención.

NOVENA.- Duración. O presente convenio entrará en vigor a partir da súa formalización e, en canto ás actividades susceptibles de subvención, ata o final do ano 2025.

Non obstante, aos efectos da xustificación de gastos subvencionables, a vixencia do presente Convenio terá carácter retroactivo desde o día 1 de xaneiro de 2025.

DÉCIMA.- Extinción anticipada. Á parte do cumprimento do seu obxecto e das obrigas de cada unha das partes, serán causas de extinción:

- A resolución ou rescisión por incumprimento de calquera das partes dos compromisos asumidos.
- Mutuo acordo do Concello de Cedeira e a Asemblea Local de Cruz Vermella Cedeira.

UNDÉCIMA.- Interpretación. Dado o carácter administrativo do presente Convenio, calquera dúbida na súa interpretación será resolta por este Concello. Igualmente, o Concello de Cedeira, poderá modificar o mesmo, por razón de interese público e acordar a súa resolución dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados legalmente.

DÉCIMA SEGUNDA.- Dereito supletorio. En todo o non previsto no presente convenio sobre obrigas das partes estarase ao disposto na lexislación administrativa de xeneral e/ou particular aplicación e, supletoriamente, polo previsto no Código Civil.

DÉCIMA TERCEIRA.- Cuestións litixiosas. Para calquera controversia que puidese derivarse da interpretación e/ou cumprimento do presente convenio, as partes, con renuncia expresa a calquera outro foro, se someten á xurisdición dos xuíces e tribunais con xurisdición no lugar da sede da Corporación concedente.

E, en proba de conformidade con todos e cada un dos extremos contidos no presente Convenio e para que conste e produza os efectos legais oportunos, asinan o presente exemplar por triplicado , a un só efecto, no lugar e data ut supra, de todo o cal como Secretaria da Corporación, dou fe.

Polo Concello de Cedeira

O Alcalde
Pablo Diego Moreda Gil

Pola Asemblea Local de Cruz Vermella Cedeira

O Presidente
José Luis López Vigo

A SECRETARÍA

Ana Velo Ruiz”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

16. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 626/2025 DE DATA 13.11.2025 DE NOVA CONCESIÓN SUBVENCÍONS ENTIDADES DEPORTIVAS ANO 2025

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 626/2025 de data 13.11.2025, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

Asunto: NOVA CONCESIÓN SUBVENCÍONS ENTIDADES DEPORTIVAS ANO 2025.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 24-10-2025, adoptou acordo de aprobación de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para entidades e clubs deportivos de ámbito municipal de Cedeira ano 2025. Expediente: 2025/A002/000001.

Detectado con posterioridade erro nas contías á conceder ás distintas entidades deportivasnaproposta aprobada.

Polo exposto, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.-Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10 de xullo por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

SEGUNDO.-Deixar sen efecto o acordo de Xunta de Goberno Local de data 24.10.2025.

TERCEIRO.-Aprobar a concesión das subvencións dirixidas a entidades e clubs deportivos de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2025 e dispoñer con cargo á aplicación 341.489.00 do vixente orzamento o gasto por importe de 45.000,00€ a favor das seguintes entidades para actividades:

ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN
CLUB REMO CEDEIRA	G15138084	6.116,66 €
CLUB NATACIÓN CEDEIRA	G15448053	5.687,42 €
SOCIEDADE DE CAZA E PESCA CEDEIRA	G15132459	4.685,86 €
CLUB DE BUCEO CEDEIRA	G15902000	2.452,00 €
CEDEIRA BASKET CLUB	G09932583	5.115,10 €
CEDEIRA TENIS CLUB	G70440433	3.970,46 €
CEDEIRA SD	G15148802	5.472,80 €
CLUB DE BAILE STREET DANCE	V44956746	4.399,70 €
DISCALZAS SD	G70529409	3.200,00 €
ESCOLA KÁRATE CEDEIRA	G70367511	3.900,00 €

CUARTO. Dispoñer con cargo á aplicación 341.789.00 do vixente orzamento o gasto por importe de 15.000,00€ a favor das seguintes entidades para investimentos:

ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN
CLUB REMO CEDEIRA	G15138084	2.620,05 €



CLUB NATACIÓN CEDEIRA	G15448053	2.436,18 €
SOCIEDADE DE CAZA E PESCA CEDEIRA	G15132459	2.007,17 €
CLUB DE BUCEO CEDEIRA	G15902000	815,00 €
CEDEIRA BASKET CLUB	G09932583	2.000,00 €
CEDEIRA SD	G15148802	2.344,25 €
CLUB DE BAILE STREET DANCE	V44956746	1.000,00 €
ESCOLA KÁRATE CEDEIRA	G70367511	1.777,34 €

QUINTO. Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 45.000,00€, con cargo a aplicación 341.489.00, retendo o o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na base oitaba das bases reguladoras, a favor das seguintes entidades:

ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN
CLUB REMO CEDEIRA	G15138084	6.116,66 €
CLUB NATACIÓN CEDEIRA	G15448053	5.687,42 €
SOCIEDADE DE CAZA E PESCA CEDEIRA	G15132459	4.685,86 €
CLUB DE BUCEO CEDEIRA	G15902000	2.452,00 €
CEDEIRA BASKET CLUB	G09932583	5.115,10 €
CEDEIRA TENIS CLUB	G70440433	3.970,46 €
CEDEIRA SD	G15148802	5.472,80 €
CLUB DE BAILE STREET DANCE	V44956746	4.399,70 €
DISCALZAS SD	G70529409	3.200,00 €
ESCOLA KÁRATE CEDEIRA	G70367511	3.900,00 €

SEXTO. Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 15.000,00€, con cargo a aplicación 341.789.00, retendo o o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na base oitaba das bases reguladoras, a favor das seguintes entidades:

ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN
CLUB REMO CEDEIRA	G15138084	2.620,05 €
CLUB NATACIÓN CEDEIRA	G15448053	2.436,18 €
SOCIEDADE DE CAZA E PESCA CEDEIRA	G15132459	2.007,17 €
CLUB DE BUCEO CEDEIRA	G15902000	815,00 €
CEDEIRA BASKET CLUB	G09932583	2.000,00 €
CEDEIRA SD	G15148802	2.344,25 €
CLUB DE BAILE STREET DANCE	V44956746	1.000,00 €
ESCOLA KÁRATE CEDEIRA	G70367511	1.777,34 €

SÉTIMO. Notificar o presente acordo ás entidades interesadas con indicación dos recursos que resulten procedentes.

OITAVO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.



NOVENO. Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local, na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

17. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 635/2025 DE DATA 17.11.2025 DE ADHESIÓN AO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS NO ANO 2026 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 635/2025 de data 17.11.2025, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: ADHESIÓN AO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS NO ANO 2026 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

No BOP número 196 do 14.10.2025 a Deputación Provincial da Coruña publicou as bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais durante o ano 2026 (FOPPSS/2026)

Este Plan de financiamento convócase ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, que regula os servizos sociais comunitarios municipais e o seu financiamento, e o Decreto 148/2014 polo que se modifica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

No seu artigo 31 establece que as Deputacións provinciais, de conformidade co previsto no artigo 109.1.b, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos e agrupacións de concellos, especialmente aos de menos de 20.000 habitantes, na implantación e xestión dos servizos comunitarios municipais, así como na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios básicos.

O obxecto do Plan é a asistencia económica as entidades locais na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios básicos, mantendo así unha liña de continuidade co, antes denominado, Plan de Convenios de servizos sociais comunitarios que a Deputación Provincial da Coruña ven executando desde o ano 1994, e que no exercicio 2012 incrementou o importe total coa finalidade de asumir as contías que os concellos viñan percibindo da Xunta de Galicia, para os ditos servizos comunitarios, no Plan concertado de servizos sociais, e que se pretende manter con esta convocatoria.

Considerando a conveniencia de solicitar a adhesión do Concello de Cedeira a este Programa para o cofinanciamento dos gastos do persoal con perfís profesionais diferentes e complementarios ó do/a profesional de referencia, (que se regula no artigo 37 do Decreto: persoal auxiliar administrativo, persoal técnico de grao medio ou superior) como do persoal auxiliar do servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrência (SAF básico).

RESOLVO:

1. Aceptar as bases da convocatoria, e os compromisos que nela se inclúen.



2. Solicitar ao abeiro da convocatoria da Excm. Deputación Provincial da Coruña a adhesión do Concello de Cedeira ao Programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais para o exercicio 2026 de acordo coas contías xerais previstas na Base 11 da convocatoria e co financiamento que se indica no Cadro de orzamento e financiamento :

ORZAMENTO	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA DAS PERSOAS USUARIOS	ACHEGA MUNICIPAL
139.981,20 €	68.000 €	4.800 €	67.181,20 €

3. Declarar o cumprimento de todos os requisitos esixidos aos solicitantes na lexislación vixente en materia de subvencións, nas bases reguladoras da presente convocatoria e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, e no caso de resultar beneficiario da subvención comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fidedigna o seu cumprimento no caso de ser requirido pola Deputación.
4. Aceptar o compromiso da utilización da lingua galega en todas as comunicacións e producións escritas e orais (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc) a que dea lugar toda a actividade subvencionada.
5. Incorporar con carácter xeral a transversalidade de xénero a través do emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e a recabar datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, enquisas e formularios.
6. Aceptar o compromiso de respectar nos fins, obxectivos, sistema de admisión ou acceso, funcionamento e organización, o principio de igualdade de xénero e a diversidade.
7. No caso de que algunha das actividades implique contacto habitual con menores, aceptar o compromiso de comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual.
8. Dar cumprimento as obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas na Base 7.
9. A realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do programa e a completar coa súa achega económica os módulos obxecto de financiamento. así como a participar nas actividades formativas e nas sesións de traballo organizadas pola Deputación da Coruña no ámbito das políticas públicas de Servizos Sociais.
10. Facilitar aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos Servizos Sociais municipais que se lles demande nun prazo de 10 días.
11. En canto ó módulo do persoal auxiliar de axuda no fogar, a entidade solicitante comprométese a que nas novas contratacións con terceiros, durante o periodo subvencionado, para a execución total ou parcial das actividades ou investimentos,terase en conta o disposto no art. 201 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, en especial, a que os



órganos de contratación tomarán as medidas pertinentes para garantir a aplicación do convenio colectivo vixente do persoal auxiliar de axuda no fogar.

12. Autorizar á Deputación para obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das subvencións.

13. Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira Sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

18. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 637/2025 DE DATA 18.11.2025 DE LEVANTAMENTO REPARO RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/53

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 637/2025 de data 18.11.2025, que di:

“**Expediente:** 2025/G003/000663

Asunto: LEVANTAMENTO REPARO RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/53

DECRETO ALCALDÍA

Vista a relación de facturas F/2025/53 que suma un importe total de 59.165,34 €:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2025/2477	A 20	26/08/2025	B67952044	PIROTECNIA MILLARENGO	Fuegos servidos y disparados	SE	338	22799	16000
F/2025/3388	25 348	31/10/2025	B82485855	HALLKUSS CORPORATION, S.L	RECOGIDA RSU OCTUBRE	SE	1621	22700	43165,34
TOTAL									59.165,34 €

Visto que a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas son unhas das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o disposto no artigo 185 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que dispón que dentro do importe dos créditos autorizados nos orzamentos corresponderá a autorización e disposición dos gastos ao presidente ou ao Pleno da entidade de acordo coa atribución de competencias que estableza a normativa vixente. Así mesmo corresponderá ao presidente da corporación o recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos. Estas facultades poderán desconcentrarse ou delegarse nos termos previstos polo artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que deberán recollese para cada exercicio, nas bases de execución do orzamento.

Visto o informe de REPARO de Intervención de data 18.11.2025 relativo á fiscalización das facturas da relación número F/2025/53 no que se sinala o seguinte:

“(…)

Que as obrigacións responden a gastos aprobados e, no seu caso, fiscalizados favorablemente, salvo que a aprobación do gasto e o recoñecemento da obrigación deban realizarse



simultaneamente. INCÚMPRESE no caso das seguintes facturas:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/ 2025/2477	A 20	26/08/2025	B67952044	PIROTECNIA MILLARENGO	Fuegos servidos y disparados	SE	338	22799	16000
F/ 2025/3388	25 348	31/10/2025	B82485855	HALLKUSS CORPORATION, S.L	RECOGIDA RSU OCTUBRE	SE	1621	22700	43165,34

TOTAL 59.165,34 €

Non se seguiu o procedemento legalmente establecido, nin o disposto nas Bases de Execución do Orzamento.

Descrición da causa de reparo:

Facturas que corresponden a gastos tramitados sen seguir os procedementos fixados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: Contratos menores.

De conformidade co disposto no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros*, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal (* Excluído o IVE).*

O mesmo artigo dispón que nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá a emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no parágrafo anterior.

Así mesmo requirírase a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando sexa requirido polas disposicións vixentes. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.

A maior abundamento, as propias bases de execución do orzamento municipais esixen un procedemento mínimo de tramitación dos expedientes de contratos menores (...)."

O reparo de Intervención basease fundamentalmente na omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais segundo o previsto nas bases de execución orzamentaria.

A pesar de que se toman en consideración as argumentacións apuntadas pola funcionaria, a situación de recursos e medios do concello impide que se regularicen todas estas prestacións sen afectar á boa marcha do concello e á satisfacción dos intereses municipais e prestación de servizos.

Nembargantes o anterior informe de intervención, o órgano competente, neste caso o Alcalde-Presidente, procede a levantar os reparos sinalados e ordena seguir a tramitación en relación co recoñecemento, fiscalización, aprobación de facturas e pago das mesmas, procedendo coa maior brevidade posible a tramitar os procedementos obxecto de reparo.

Dada a conformidade á obras, servizo ou subministro do que deriva a factura ou documento de cargo,



mediante a seguinte dilixencia: “CONFORME” e a sinatura desta Alcaldía, conforme ao recollido nas Bases de Execución do Orzamento.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade cos artigos 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; 186 do RDL 2/2004, de 5 de marzo; 41.17 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; 62 do RD 550/1990, de 20 de abril, e as Bases 17ª e seguintes de Execución do Orzamento do ano 2025, os cales atribúen ao Presidente da Entidade Local as funcións da ordenación de pagamentos.

Tendo en conta a Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; o RDL 2/2004, de 5 de marzo; o RD 550/1990, de 20 de abril, as Bases de Execución do Orzamento do ano 2025, esta Alcaldía, en uso das facultades conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo suspensivo de Intervención, de conformidade co sinalado no artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e ordenar que se continúe coa tramitación do expediente.

SEGUNDO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

19. ASUNTOS VARIOS

Pola Presidencia sométense a consideración da Xunta de Goberno Local, por razóns de urxencia, as seguintes propostas:

19.1 APROBACIÓN DAS BASES DE SELECCIÓN PARA O CAMPAMENTO URBANO DE NADAL DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O ANO 2025

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 21.11.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DAS BASES DE SELECCIÓN PARA O CAMPAMENTO URBANO DE NADAL DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O ANO 2025



Tomando conciencia da importancia que debe ter que desde as administracións públicas se procuren e arbitren mecanismos dirixidos a cubrir as necesidades de conciliación da vida familiar e laboral, desde o Concello decídese continuar coa prestación activa dun servizo que xa se iniciou no 2020, coa organización do Campamento Urbano de Nadal, e co que se continuou nos anos seguintes 2021, 2022, 2023 e 2024.

Tendo en conta a necesidade de que se leve a cabo a aprobación das bases para a selección dos participantes e que se lles dé a debida publicidade a fin de que iniciar a tramitación do expediente de selección.

En consecuencia, en aplicación das competencias municipais a que fan referencia os artigos 25.2 l) e 25.2 o) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Conforme as atribucións que me confire a normativa vixente, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes bases de selección para o Campamento Urbano de Nadal do Concello de Cedeira para o ano 2025:

“BASES DE SELECCIÓN PARA O CAMPAMENTO URBANO DE NADAL 2025 DO CONCELLO DE CEDEIRA

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

As presentes bases teñen como obxecto establecer os criterios de selección para a participación no campamento municipal de Nadal do Concello de Cedeira, que se desenvolverá os 22, 23, 24, 26, 29, 30 e 31 de decembro de 2025 e 2, 5 e 7 de xaneiro de 2026.

Este campamento de Nadal ten a finalidade de facilitar unha alternativa de ocio para as nenas e nenos promovendo así a conciliación familiar durante as vacacións de Nadal. As actividades que se desenvolverán terán carácter lúdico: xogos, obradoiros de refugallo, actividades deportivas, etc.

Artigo 2. Persoas destinatarias

O campamento urbano de Nadal está destinado a nenos e nenas nados entre os anos 2013 e 2022, ambos incluídos.

Artigo 3. Lugar e período de realización

O campamento desenvolverase nas instalacións CEIP Nicolás del Río (Edificio Areal). O horario será de 09:00 a 14:00 horas, de luns a venres.

Artigo 4. Número de prazas ofertadas

a) O campamento urbano de Nadal oferta 50 prazas para os nenos e nenas que cumpran os requisitos de admisión.

b) Resérvanse 5 prazas para nenos e nenas con discapacidade igual ou superior ao 33%, cando estes teñan capacidade de integración nun grupo e as súas necesidades especiais lles permitan beneficiarse e



participar nas actividades que se van desenvolver. A discapacidade deberá acreditarse co certificado de discapacidade emitido polo órgano competente.

c) No suposto de que as prazas reservadas non se cubran, as persoas que se atopen en lista de agarda pasarán a ocupar esas prazas.

Artigo 5. Prazo de solicitude

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles a contar a partires do día seguinte ao da publicación das presentes bases no taboleiro de anuncios dixital.

As solicitudes deberán ser asinadas polo pai, nai ou tutor legal do menor e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou polos medios establecidos no artigos 14.1 e 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No suposto de que, transcorrido o prazo de presentación de solicitudes e unha vez publicada a listaxe de admitidos definitiva, continuaran quedando prazas sen cubrir, calquera interesado que cumpra co requisito relativo aos anos de nacemento e presente a documentación requirida nas presentes bases, poderá solicitar a participación nas actividades de campamento.

Neste último caso, a admisión se realizará atendendo á orde de presentación de solicitudes ata cubrir o número total de prazas ofertadas. Se considerarán admitidos todos aqueles que acheguen a documentación necesaria e cumpran co requisito de participación relativo aos anos de nacemento.

As admisións extemporáneas, é dicir, fóra do prazo de presentación inicial, se comunicarán á empresa encargada da prestación do servizo de campamento mediante comunicación escrita asinada pola Concelleira de Facenda ou, de non resultar posible esta, por correo electrónico do que se deixará constancia no expediente de selección de participantes. A empresa encargada debe verificar que todos os admitidos figuren na listaxe correspondente ou, neste último caso, que contan con comunicación do concello ao efecto.

No caso dos solicitantes, se considerarán efectuadas as comunicacións de admisións que se realicen tanto por teléfono como por correo electrónico, en función dos datos de contacto que estes poñan a disposición do Concello.

Artigo 6. Requisitos de participación

a) Os/as participantes no campamento deberán ter nacido entre os anos 2013 e 2022, ámbolos dous incluídos.

b) Terán preferencia os/as menores empadroados no concello de Cedeira.

c) No caso de que, atendidas as solicitudes que cumpran o requisito anterior, quedaran prazas vacantes, terán preferencia os/as menores cuxos pais, titores ou representantes legais cos que convivan e teñan a obriga do seu coidado, traballen no termo municipal do concello de Cedeira e así o acrediten

d) Atendidos os dous criterios anteriores que terán preferencia, se persiste a existencia de prazas vacantes, queda aberta a participación ás actividades do campamento a calquera que presente solicitude e cumpra os requisitos das presentes bases.

Artigo 7. Criterios de selección



a) Respectando as preferencias a que fan referencia as letras b) e c) do artigo 6, en primeiro lugar seleccionarase aos nenos e nenas daquelas unidades familiares nas que ambos proxenitores, teñan vixente unha relación laboral en horario de mañá acreditando esa circunstancia no prazo de presentación de instancias ou estean realizando un curso do plan de formación en horario de mañá impartido dentro da formación para persoas desempregadas das diferentes administracións públicas. No suposto de separación, divorcio ou familias monoparentais atenderase a que este requisito se cumpra respecto do proxenitor que se atope a cargo do/a menor .

b) De contar con máis solicitudes que cumpran este criterio que prazas vacantes a selección farase por sorteo, sempre respectando as preferencias anteriores, isto é: da totalidade de participantes que sexan menores empadroados en Cedeira en primeiro lugar e só de quedar prazas vacantes, os menores de proxenitores que traballen en Cedeira.

c) De resultaren prazas vacantes, unha vez adoptados estes criterios, os restantes participantes no campamento seleccionaranse por sorteo.

d) Unha vez cubertas o máximo de prazas ofertadas o resto de aspirantes pasarán á lista de agarda. O sorteo determinará a orde dos aspirantes na lista de agarda; excepto aquelas que se presenten fóra do prazo de presentación de solicitudes por quedar prazas vacantes. Neste último suposto, a orde da lista de agarda quedará determinada pola data de presentación, e no caso de coincidir varias solicitudes nun mesmo día, por sorteo.

e) Perderán o seu dereito á praza no campamento no suposto de contar con máis de tres faltas sen xustificar. A xustificación deberá realizarse ante a empresa encargada do servizo.

Artigo 8. Solicitude e documentación a presentar.

a) Solicitude de participación no campamento, que figura como ANEXO I a estas bases.

b) Fotocopia do DNI do/a menor.

c) Fotocopia da tarxeta sanitaria.

d) Fotocopia do DNI do pai/nai/titor legal que asine a solicitude de campamentos.

e) No caso de ter certificado de discapacidade, copia do mesmo.

f) No caso de separación/divorcio entre os pais, copia da mesma para acreditar o réxime de custodia.

g) No caso de que se alegue a circunstancia a que se refire o artigo 6 apartado c), deberán achegar unha declaración responsable sobre as anteriores circunstancias.

h) No caso de que se alegue a circunstancia a que se refire o artigo 7 a), deberán achegar declaración responsable acreditativa na que se indique o horario laboral ou do plan de formación de ambos proxenitores.

A comprobación do empadramento no Concello de Cedeira farase de oficio polos servizos encargados do concello, excepto que non se autorice esta, en cuxo caso deberá acompañarse á solicitude.

Artigo 9. Tramitación de solicitudes



A comprobación dos requisitos e do cumprimento dos criterios de selección realizarase pola AEDL, a Concelleira de Facenda e o Concelleiro de Educación.

Artigo 10. Listado de aspirantes admitidos e excluídos

- a) Comprobado o cumprimento dos requisitos das persoas solicitantes, elaborárase unha lista de admitidos e excluídos, indicando o motivo da exclusión.
- b) Este listado publicarase no taboleiro de anuncios dixital e se concederá un prazo de 5 días hábiles para subsanación ou presentación de alegacións.
- c) Transcorrido o prazo anterior, resolverase a listaxe definitiva de admitidos e publicarase do mesmo xeito.

Artigo 11. Prezo público.

En aplicación do artigo 3 do Texto Regulador do prezo público pola prestación do servizo de campamento urbano do concello de Cedeira, publicado no BOP nº 223 de 20 de novembro de 2025, os importes a satisfacer por este concepto serían os seguintes:

Período	Prezo
Semana	20 euros
Mes	60 euros
Dous meses	100 euros

Non se prorratearán as contías por importes inferiores á semana.



ANEXO I

CAMPAMENTO URBANO DE NADAL DE CEDEIRA
FICHA DE INSCRIPCIÓN
NADAL 2025

DATOS DO/A MENOR			
NOME			
APELIDOS			
DNI			
DATA DE NACEMENTO			
DATOS DO PAI/NAI OU TITOR/TITORA			
NOME			
APELIDOS			
DNI			
TELÉFONO			
ENDEREZO ELECTRÓNICO			
Período		Asistencia	
Semana do 22 de decembro			
Semana do 29 de decembro			
Período completo			
OUTROS DATOS			
Ten necesidades educativas especiais:	SI	☐	NO ☐
En caso afirmativo indicar cales			
Ten algunha intolerancia alimentaria ou alerxia:	SI	☐	NO ☐



En caso afirmativo indicar cales

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos

- | | |
|--------------------------|---------------------------------------|
| ☐ | Datos do padrón da persoa solicitante |
| ☐ | Opóñome á consulta |

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE

- | | |
|--------------------------|---|
| ☐ | Fotocopia do/a menor |
| ☐ | Fotocopia da tarxeta sanitaria do/a menor |
| ☐ | Fotocopia do DNI do pai/nai ou titor/a legal que asine a solicitude |
| ☐ | No caso de ter certificado de discapacidade, copia do mesmo |
| ☐ | No caso de separación/divorcio entre as persoas proxenitoras, copia do acordo/sentencia de separación/divorcio que acredite o réxime de custodia. |
| ☐ | Vida laboral dos pais/nais ou titores/titoras legais, certificado de realización do curso de formación emitido pola entidade pública impartidora ou declaracións responsable. |
| ☐ | Certificado ou informe de empregador acreditativo de que polo menos un dos proxenitores está traballando en Cedeira ou declaracións responsable. |

Como representante legar do/a menor arriba indicado/a

SOLICITO a súa inscrición no Campamento Urbano de Nadal de Cedeira.

Cedeira, de de 2025

De conformidade co establecido na LEI ORGÁNICA 3/2018, DE 5 DE DECEMBRO, DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E GARANTÍA DOS DEREITOS DIXITAIS, infórmase ao interesado/a que os datos facilitados neste formulario incorporaranse á base de datos do que é titular o Concello de Cedeira, con enderezo en Rúa Real, 15. CP 15.350. Vostede poderá exercer, en calquera momento, os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, previstos pola lei. Ao asinar este formulario vostede autoriza expresamente a utilización dos seus datos persoais en tódalas actividades relacionadas co Campamento Urbano de Nadal.



Os datos dos participantes poderán aparecer no listados municipais nos taboleiros de anuncios e na web municipal.”

SEGUNDO.- Ordenar a súa publicación no taboleiro de anuncios dixital do Concello a efectos de que se dé oportuno coñecemento e publicidade.

TERCEIRO.- Dar traslado á Axente de Emprego e Desenvolvemento Local aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

19.2 APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN PARA A DIXITALIZACIÓN DA PISCINA CUBERTA

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 21.11.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN PARA A DIXITALIZACIÓN DA PISCINA CUBERTA

Nº Expediente: 2025/C005/000005

O Concello de Cedeira, mediante resolución do Consello superior de Deportes de data 24 de xuño de 2024, recibiu unha subvención por importe de 45.604,97 € dentro do marco da Orde CUD/702/2023, do 26 de xuño, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións e axudas do Consello Superior de Deportes a entidades públicas titulares de infraestruturas para mellora e optimización de instalacións e espazos deportivos que fomenten o turismo deportivo sostible, con cargo aos fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, desenvolve o proxecto de “Dixitalización da Piscina Cuberta” co obxectivo de integrar a súa instalación na Rede Española de Piscinas Intelixentes Conectadas (Rede E.P.I.C), co obxectivo de fomentar o turismo deportivo nacional e internacional a través da mellora da experiencia dos nadadores mediante unha ferramenta de monitorización en vivo da actividade dos deportistas xunto cos contidos de Club RFEN.

Rede E.P.I.C. é un proxecto desenvolvido en colaboración entre a Real Federación Española de Natación (RFEN) e a entidade ZONYX TECH S.L, empresa partner oficial de innovación de RFEN e que é a desarrolladora de NAGI by ZONYX. Este proxecto pretende conectar ás piscinas cubertas de todos os municipios de España, fomentando a xeración dunha gran comunidade da natación no noso país, fomentando ao mesmo tempo o turismo deportivo nacional e internacional, mellorando a experiencia dos nadadores grazas á monitorización da actividade dos deportistas e usuarios.

NAGI by ZONYX é unha solución tecnolóxica que permite conectar piscinas mediante un sistema avanzado de monitorización e xestión de actividades acuáticas que controlan en tempo real a actividade e seguridade dos usuarios en instalacións deportivas e piscinas, utilizando tecnoloxía avanzada baseada na integración de intelixencia artificial para previr ahogamentos e optimizar a experiencia dos usuarios mediante o rexistro e análise de datos. NAGI by ZONIX é a ferramenta dixital oficial e exclusiva da Rede E.P.I.C., conforme se acredita na documentación que forma parte deste expediente.

Visto o anterior, este concello necesita levar a cabo a contratación da subministración denominada "DIXITALIZACIÓN DA PISCINA CUBERTA", de acordo co anteproxecto para a dixitalización da piscina cuberta, cun orzamento base de licitación de 87.120,00 € IVE incluído; e coa Memoria



descriptiva de análise de gestion das instalacións, ambos documentos asinados pola Alcaldía con data 11.08.2023.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de subministración, de acordo con o artigo 16 da LCSP.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- Anteproxecto para a dixitalización da piscina cuberta, asinado pola Alcaldía con data 11.08.2023
- Memoria descriptiva de análise de gestion das instalacións, asinada pola Alcaldía con data 11.08.2023
- Prego de prescricións técnicas da subministración para a dixitalización da piscina cuberta, asinado pola Alcaldía o 20.11.2025
- Providencia da Alcaldía de data 21.11.2025 propoñendo o inicio do expediente de contratación denominado “subministración para a dixitalización da piscina cuberta”.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Alcaldía o 21.11.2025.
- Informe xurídico de data 21.11.2025.
- Informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención municipal con data 21.11.2025.

Por todo o exposto, e de conformidade co establecido no art. 117 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

1. Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, da subministración denominada "Dixitalización da piscina cuberta".
2. Autorizar, en contía de 87.120,00 € IVE incluído (Prezo sen IVE 72.000,00 €; IVE 15.120,00 €), o gasto que para este concello representa a contratación referenciada.
3. Aprobar os Pregos de Prescricións Técnicas e de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato de subministración denominada “Dixitalización da piscina cuberta” por procedemento negociado sen publicidade, asinados pola Alcaldía con datas 20 e 21 de novembro de 2025, respectivamente.
4. Remitir invitación a participar á entidade ZONYX TECH S.L, empresa partner oficial de innovación da Real Federación Española de Natación (RFEN), de acordo con o certificado de exclusividade de data 14.06.2024 emitido pola RFEN, para que no prazo máximo de cinco (5) días contados desde o envío da invitación para participar, presente oferta acompañada da documentación indicada na cláusula 11 do PCAP.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 14:10 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ